

PREGUNTA DE AER SOBRE O ENTORNO DO RÍO MACEIRAS

PLENO 12 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

“Coñecido o informe técnico sobre a situación do río maceiras que di:

A zona obxecto de estudo localízase na franxa de servidume de cinco metros do río maceiras.

ANTECEDENTES

O entorno do río Maceiras, atópase moi degradado dende o punto de vista ambiental, existindo distintas causas observables:

1. A ocupación das marxes e área de servidume por numerosas construcións, peches, muros... incluso muros de grande altura que actúan como parede de edificacións.
2. Colmatación da canle con materiais vexetais e outros como terras, areas. Don restos da caída de árbores, tocóns e materiais depositados no propio leito como terras e areas procedentes de arrastres e que colmatan o fondo. Presumiblemente a consecuencia das obras de construción do tren de alta velocidade este problema agravouse. Estes depósitos impiden a normal circulación da auga e provocan cambios no percorrido e como consecuencia existen zonas nas que existe derrubamento de marxes, porque ao impedirse o fluír natural, o río escava as paredes que limitan a canle.
3. O Maceiras sobre distintas fontes de contaminación que se constata no feito de que existe lixo sólido na canle, tubarías que verten ao río... Cómpre salientar que existe unha marmorería en cuxas proximidades obsérvanse numerosos aportes de restos de mármore e outros materiais nas marxes e no propio leito.
4. A vexetación propia da ribeira está relegada a unha escasa franxa liñal, polo que se impide a fixación das marxes e se provocan numerosas alteracións no equilibrio do río. Ademais a vexetación ripícola vese ameazada pola existencia de numerosas especies foráneas de grande capacidade de invasión que na actualidade colonizan gran parte do espacio, sobre todo o tapiz do sotobosque.

Preguntamos:

Ten iniciado o Sr. Concelleiro de Medio Ambiente algunha acción fronte ás administracións oportunas da Xunta de Galicia de cara a reparar os danos que se mencionan, tanto na canle como nas zonas de servidume?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di, que recorreron a zona máis dunha ducia de veces e reuniron documentación para presentar en Augas de Galicia. Están sobre o tema.